- Interpretar obras en público e de memoria con naturalidade e control da situación.
- Adoptar hábitos de estudo que permitan un eficaz desenvolvemento dos coñecementos adquiridos.

6.3.2 Contidos

- Selección de 6 obras ou máis do “repertorio suxerido” (ou de dificultade similar) e de polo menos 5 estilos diferentes (Consultar o apartado 6.5.5. “*Repertorio suxerido*”). As obras escollidas serán útiles para o desenvolvemento de:
 - o As estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) Técnicas e estratexias para interpretalas.
 - o Os coñecementos básicos sobre as características principais dos distintos estilos e a súa aplicación práctica na interpretación no repertorio do nivel.
 - o A relaxación e a súa percepción interna. Os indispensables esforzos musculares básicos que require a execución instrumental e a procura dun equilibrio satisfactorio entre ambos factores.
 - o O peso do brazo e as posibilidades de movemento das distintas articulacións, con arranxo ás necesidades do nivel. Caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e toda a combinatoria que permiten.

- o A habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- o A independencia, a velocidade, a resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- o Os principios da dixitación pianística e o seu desenvolvemento, en función da complexidade progresiva das dificultades que cumpra resolver.
- o A melodía e o acompañamento. Iniciación da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas mans.
- o A sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- o Os modos de ataque e de articulación en relación coa dinámica, a condución da frase e a densidade da textura musical.
- o A práctica e distintos usos dos pedais.
- o A audición ou concerto. Técnicas para abordar a interpretación en público coa maior solvencia e control da situación. Movementos no escenario.
- o A memoria e o seu adestramento permanente e progresivo.
- o Hábitos correctos e eficaces de estudo que estimulen a concentración, o sentido de autocrítica e a disciplina no traballo.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Valorarase a capacidade para:
 - o *Ler textos a primeira vista.* Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto. (Corresponde co criterio de cualificación: *Interpretación do repertorio: Notas: Precisión y coordinación; Tempo: Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; Interpretación. Seguridade.*)
 - o *Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a altura das notas, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.* Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical. (Corresponde co criterio de cualificación: *Interpretación do repertorio: Notas: Precisión y coordinación; Tempo: Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; Estilo: Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal; Interpretación. Seguridade, Memoria*)

- o *Descibir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.* Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica. (Corresponde co criterio de cualificación: *Interpretación do repertorio: Estilo. **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal*)
- o *Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.* Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento. (Corresponde co criterio de cualificación: *Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal; **Interpretación.** Expresión musical, Seguridade, Memoria).*
- o *Interpretar en público, como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.* Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público. (Corresponde co criterio de cualificación: *Interpretación do repertorio: **Interpretación.** Expresión musical, Seguridade, Memoria; **Participación en actividades***)

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles veñen descritos na rúbricas que aparecen a continuación no apartado: "procedementos e ferramentas de avaliación". Estes concréntanse por cada un dos criterios de cualificación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Segundo a CIRCULAR 21/2008 da dirección xeral de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se regula a avaliación e cualificación das alumnas ou alumnos:

"1.1 A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo..."

"A alumna ou alumno terá dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como coñecer os resultados das súas aprendizaxes..."

“A alumna ou alumno poderá solicitar ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca da avaliación...”

O procedemento de avaliación estará baseado na observación sistemática e na recollida de evidencias ao longo do curso. Estas evidencias de aprendizaxe constarán no seu caderno de aula ou documento de rexistro de actividades, estará baseado nesta programación e constará das seguintes fases:

Avaliación inicial:

O repertorio pianístico é enorme, e dentro dunha mesma dificultade, unhas obras poden ser máis beneficiosas que outras para a alumna ou alumno. O profesor nas primeiras xornadas do curso deberá investigar os repertorios anteriores traballados e propoñer un repertorio axeitado ao seu nivel (ver obras suxeridas) que equilibre as posibles carencias e permita o cumprimento dos obxectivos e contidos do curso. Cando a traxectoria da alumna ou alumno evidencie a capacidade de afrontar obras dunha dificultade superior ao curso no que se atopa, deberá constar no caderno do profesor e no seguimento da programación nas reunións ordinarias.

Avaliación procesal.

Acompañamento do titor no proceso da aprendizaxe, observación e recollida de evidencias da aprendizaxe. Caderno de aula.

Avaliación final:

Unha vez recollida todas as evidencias, resultarán nunha cualificación do 1 ao 10 tendo en conta os criterios de avaliación e cualificación.

As ferramentas de avaliación das que dispoñen os docentes do departamento serán as seguintes:

1. Diario de clase, traballo individual da alumna ou alumno.
2. Probas. Gravacións.
3. Audicións públicas.
4. Rúbricas:

Rúbrica para avaliar o repertorio de Grao Elemental:

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Notas: <i>Precisión, dixitación, coordinación.</i>	-Non identifica as notas nin a dixitación sen axuda. -Carece de coordinación.	-Lee as notas con numerosas imprecisións, con moitas dixitacións incorrectas. -A súa coordinación é deficiente.	-Toca as notas de xeito preciso con algúns erros, respectando a maior parte das dixitacións e con certa coordinación.	-Toca as notas cunha notable precisión, respectando as dixitacións e cunha notable coordinación.	-Toca as notas cunha gran precisión, respectando todas as dixitacións e cunha coordinación salientable.
Tempo: <i>Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.</i>	-Lee cun pulso e un tempo errático. - imprecisións rítmicas constantes.	-Lee cun pulso inestable, con numerosas imprecisións rítmicas e a un tempo moi afastado do indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, con certa precisión rítmica e cun tempo inferior ao indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, cunha notable precisión rítmica e a un tempo bastante axustado ao indicado na peza.	-Toca cun pulso estable, cunha gran precisión rítmica e a un tempo flexible e fluído, moi axustado ao indicado na peza.
Estilo: <i>Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.</i>	-Non identifica dinámicas nin articulacións sen axuda. -O fraseo é inexistente. -Non fai uso do pedal.	-Apenas realiza diferenzas dinámicas e de articulación. -O fraseo non é eficiente. -O uso do pedal é descoordinado.	-Realiza algunhas diferenzas dinámicas e respecta a maior parte das articulacións. -O fraseo é perceptible. -O uso do pedal é bastante coordinado.	-Realiza gran parte das diferenzas dinámicas, respecta os detalles de articulación. -O fraseo é musical pero inconstante -O uso do pedal é coordinado.	-Realiza diferenzas dinámicas e de articulación con gran precisión e control expresivo. O fraseo é musical O uso do pedal é coordinado e preciso.
Interpretación: <i>Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.</i>	-Toca a obra / estudo con numerosas paradas que non resolve. -Cunha notable inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	- Toca a obra/estudo con numerosas paradas que resolve con inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	-Interpreta a obra/estudo con paradas que resolve con certa seguridade e musicalidade. -Coida con carácter xeral a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con dúbidas.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade e cunha capacidade comunicativa notable. -Coida a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con apenas dúbidas que resolve axeitadamente.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade, cunha capacidade comunicativa e expresión musical sobresaínte. -Coida a postura, a utilización do corpo e a xestualidade. -Toca de memoria con seguridade.

Rúbrica para avaliar a capacidade de estudo individual.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Capacidade de estudo individual. <i>Tarefas de clase</i> <i>Obras complementarias</i> <i>Dificultade do repertorio.</i>	-Non resolve (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Con pouca frecuencia realiza (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Habitualmente realiza as tarefas encomendadas.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias ou de maior nivel.

Rúbrica para avaliar a participación en actividades.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Participación en actividades <i>Audicións e concertos;</i> <i>Gravacións.</i> <i>Traballos teóricos.</i>			-Participa polo menos nunha actividade no ano.	-Participa polo menos en dúas actividades no ano.	-Participa polo menos en tres actividades no ano.

Rúbrica para avaliar a lectura a vista.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Lectura a primeira vista.	-Lee con continuos erros e paradas.	-Lee con un pulso moi lento e inestable e con moitos erros.	-Lee cun pulso bastante estable pero lento, con algúns erros.	-Lee cun pulso estable, con apenas erros e a un tempo aproximado ao indicado.	Lee cun pulso estable, con apenas erros, a un tempo aproximado ao indicado e realiza algúns matices e articulacións

Criterios de cualificación

A cualificación da alumna ou alumno conformarase a partir dos seguintes criterios xerais:

- **75%** Interpretación do repertorio.
 - O repertorio conformarase da seguinte maneira:
 - Escolleranse polo menos 6 obras, unha de cada lista do “*repertorio suxerido*” ou de dificultade similar, podéndose repetir un dos estilos.
 - O peso e a temporalización de cada unha delas será acorde a súa dificultade, duración etc.
 - *Exem: 1º Trimestre: 2 pezas. 2º trimestre: 2 pezas. 3º trimestre: 2 pezas.*
 - Cada obra se valorará de xeito individual seguindo os seguintes criterios:
 - **25% Notas:** *Precisión, dixitación, coordinación.*
 - **25% Tempo:** *Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.*
 - **25% Estilo:** *Matices, articulacións, fraseo, pedal.*
 - **25% Interpretación;** *Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.*
- **5%** *Lectura a vista.*
- **10%** Capacidade de estudo individual.
 - Neste apartado terase en conta:
 - As Tarefas de clase.
 - Obras complementarias que a alumna ou alumno traballe ademais das obrigatorias na programación.
 - A dificultade do repertorio.
- **10%** Participación en actividades.

- Terase en conta a participación en audicións, concertos, gravacións ou calquera actividade organizada dende o centro que requira da interpretación ao piano polo alumnado.

Para maior concreción se poden consultar as rúbricas correspondentes a cada criterio no apartado “*Ferramentas de avaliación*”.

Na convocatoria extraordinaria de Xuño valorarase:

- 100% **Crit. Técnicos e Estéticos** na Interpretación do repertorio:
 - 25% **Notas:** Precisión, dixitación, coordinación.
 - 25% **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión.
 - 25% **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.
 - 25% **Interpretación:** expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.
- Redondeo: Como na acta de avaliación só poden aparecer números enteiros seguirase o seguinte procedemento para facer o redondeo: Se o primeiro decimal é 5 ou superior, a cualificación final será a do seguinte número enteiro.
 - *Ex.: Se a nota resultante do proceso de avaliación fose 4´5, a cualificación redondearase a 5, aprobado. Se polo contrario o resultado fose de 4´4 a cualificación final sería dun 4, suspenso.*

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para a alumna ou alumno que teña un nivel superior ao do curso no que están, poderá concedérselles a ampliación de matrícula ao curso superior (sempre que houbera praza vacante). A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais da alumna ou alumno, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Cando a alumna ou alumno teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento como consecuencia dunha ausencia prolongada ás clases, o profesor procurará adecuar o traballo a desenvolver na procura dunha óptima recuperación. Ao tratarse de clases individuais a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación realízanse dun xeito personalizado e non plantexan problemas de adecuación de distintos ritmos de aprendizaxe a un mesmo grupo. Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para a alumna ou alumno, incorporando medidas que eviten a rutina: elección dun repertorio novo, interpretación de obras a catro mans, etc. En cada avaliación, a alumna ou alumno que non consigan aprobar a materia, serán informados por parte do profesor das tarefas de recuperación que este considere necesarias para superar os obxectivos non acadados. Ao tratarse de clases individuais, o profesor determinará as actividades de recuperación a seguir, podendo amoldarse de xeito óptimo ás necesidades da alumna ou alumno.

A alumna ou alumno terá dereito a volver a presentar as pezas ou exercicios nos sucesivos trimestres podendo recuperar as que foran suspensas ou subir a nota cara a cualificación final.

Convocatoria extraordinarias de Xuño.

A alumna ou alumno que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de xuño. As obras a interpretar na proba extraordinaria de xuño serán notificadas a alumna ou alumno no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

6.3.5 Repertorio suxerido:

- Lista A (...-1750):
 - o Bach
 - Pequenos Preludios e Fugas
 - o Bach
 - Preludio en C BWV 939
 - o Boyce
 - Gavotte
 - o Daquin
 - Gavotte en rondeau Suite de la rejouissance
 - o MC. Gambarini
 - Minuet in A Op.2
 - o Haendel
 - Gavotte HWV 491
 - o Purcell
 - Hornpipe
 - o Sheels
 - Jigg

- Lista B(1750-1830):
 - o Arnold
 - Giga from Lesson Op.12 nº2
 - o Beethoven
 - Ecosaise nº4 WoO 83
 - Sonatina nº5
 - o Clementi
 - Allegro from Sonatina in C Op 36 nº1
 - Sonatina Op.36 nº1
 - Sonatina Op.36 nº2
 - Sonatina Op.36 nº3
 - o Haydn
 - Allegro de Sonatina in G
 - o Mozart
 - Menuett en F K 5
 - o Mozart
 - Romanze de Eine kleine Nachtmusik KV 525

- Lista C (1830-1900):
 - o Brahms
 - Waltz en Dm
 - o MC. Chaminade
 - Op.123 Album des Enfants
 - o Chopin
 - Wiosna
 - Vals Am
 - o Grieg
 - Walzer Op.12
 - o Hofman
 - Waldvoglein nº15 de Skizzen Op77
 - o MacDowell
 - To a wild rose
 - o Mussorsky
 - A tear(quasi fantasía)
 - o Schumann
 - Cabaleiro Salvaxe Op.68
 - Ester Velust Op.68
 - Frolicher Landman Op.69
 - Sicilienne nº11 de Album for the Young Op.68
 - o Tchaikovsky
 - Op.39 Album for the young Mazurka
 - Op.39 Album for the Young Canción Italiana
 - Op.39 Album for the Young Canción Napolitana
 - Op.39 Album for the Young Vals

- Lista D (1900-..):
 - o A-G-Abril
 - Cuadernos de Adriana III
 - o Bartok
 - Jeering Song nº32 de For Children vol.1
 - o Bartok
 - Round Dance nº17 de For Children Vol.1
 - Jeering Song nº32 de For Children Vol.1
 - Teasing Song nº18 de For Children Vol.2
 - o M.E.Botet
 - “Era una guajirita”
 - o Bullard
 - Disco Barroque



- o Carroll
 - A Stormy Coast nº7 de Southern Seas
 - o Gelnick
 - Moody Prawn Blues
 - o Gillock
 - Carnival in Rio
 - o Hanna
 - Top cat
 - o MC. N.Iles
 - Cotton Reel
 - o Johnson
 - Sad Song
 - o Joplin
 - Maple Leaf Rag
 - o MC. McDonagh
 - Anastasia
 - o Moore
 - The Rainbow
 - o MC. Milne
 - Garden Path
 - o Nakada
 - Song of Twilight
 - o Norton
 - MICROJAZZ V2
 - o MC.C.Rolin
 - Jazzy Joey
 - o Satie
 - Gnossiennes
 - Gymnopedies
 - o Schmitz
 - At Sunset Nº7 de Rainbow preludes
 - o Stapleton
 - Blue Sky Blues nº1 from jazz jazz jazz
 - o Tadman-Robins
 - Square Dance
- Etudos:
- o A Dozen a Day Bk 3
 - o Bertini
 - Studios Op.100
 - o Burgmuller



- 25 Études faciles et progressives, Op.100
- o Czerny
 - Estudios de mecanismo Op.849
- o Czerny
 - Op. 139
 - Op. 261
 - Op. 453
- o Gurlitt
 - Técnica e melodía Op.228
- o Lemoine
 - Etudes enfantines for piano op.37

O repertorio anterior foi extraído dos seguintes compendios de partituras.

- o ABRSM
 - Piano Exam Pieces Grade 3.
 - Encore Book 2 Grades 3 & 4.
 - Music Through Time Book 2.
- o Trinity College london.
 - Piano Pieces & exercises Grade 3
- o Music through time.

6.4 Curso: Cuarto de Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

- Interpretar un repertorio de obras representativas das épocas e os estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Aplicar correctamente os coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical no instrumento.
- Coñecer as épocas que abrangue a literatura pianística ao longo da súa historia e as esixencias que suscita unha interpretación estilísticamente correcta.
- Amosar un grao de desenvolvemento técnico que permita abordar, dentro das esixencias do nivel, os estilos de escritura posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento, e sabelas empregar dentro das esixencias do nivel.
- Interpretar obras en público e de memoria con naturalidade e control da situación.
- Adoptar hábitos de estudo que permitan un eficaz desenvolvemento dos coñecementos adquiridos.

6.4.2 Contidos

- Selección de 6 obras do “repertorio suxerido” (ou de dificultade similar) e de polo menos 5 estilos diferentes (Consultar o apartado 6.5.5. “*Repertorio suxerido*”). As obras escollidas serán útiles para o desenvolvemento de:
 - o As estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) Técnicas e estratexias para recoñecelas e interpretalas.
 - o As características principais dos distintos estilos e a súa aplicación práctica no repertorio do nivel. Matices, articulacións, adornos, indicacións e cambios de tempo.
 - o A relaxación e a súa percepción interna. Os indispensables esforzos musculares básicos que require a execución instrumental e a procura dun equilibrio satisfactorio entre ambos factores.
 - o O peso do brazo e as posibilidades de movemento das distintas articulacións, con arranxo ás necesidades da partitura. Caídas, lanzamentos,

desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e toda a combinatoria que permiten a percepción clara de que a interacción permanente deses tipos de accións constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.

- o A habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- o A técnica dixital, así como técnicas dirixidas a incrementar a independencia, a velocidade, a resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- o Os principios da dicitación pianística e o seu desenvolvemento, en función da complexidade progresiva das dificultades que cumpra resolver.
- o A melodía e o acompañamento. A capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas mans, tratando de acadar unha diferenciación dinámica.
- o A práctica dos pedais.
- o A audición, o concerto. Técnicas para abordar a interpretación en público coa maior solvencia e control da situación. Movementos no escenario.
- o A memoria e su adestramento.
- o Hábitos correctos e eficaces de estudo que estimulen a concentración, o sentido de autocrítica e a disciplina no traballo.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Valorarase a capacidade para :
 - o *Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.* Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto. (Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; **Interpretación.** Seguridade).
 - o *Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a altura das notas, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.* Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical. (Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; **Interpretación.** Seguridade, Memoria)
 - o *Descibir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.* Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos

- coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: Estilo; **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal)*
- o *Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.* Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión; **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal; **Interpretación.** Expresión musical, Seguridade, Memoria)*
 - o *Interpretar en público, como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.* Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Interpretación.** Expresión musical, Seguridade, Memoria; Participación en actividades)*

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles veñen descritos na rúbricas que aparecen a continuación no apartado: "procedementos e ferramentas de avaliación". Estes concretanse por cada un dos criterios de cualificación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Segundo a CIRCULAR 21/2008 da dirección xeral de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se regula a avaliación e cualificación das alumnas e alumnos:

"1.1 A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo..."

"As alumnas e alumnos terán dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como coñecer os resultados das súas aprendizaxes..."

"A Alumna ou alumno poderá solicitar ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca da avaliación..."

O procedemento de avaliación estará baseado na observación sistemática e na recollida de evidencias ao longo do curso. Estas evidencias de aprendizaxe constarán no seu caderno de aula ou documento de rexistro de actividades, estará baseado nesta programación e constará das seguintes fases:

Avaliación inicial:

O repertorio pianístico é enorme, e dentro de unha mesma dificultade, unhas obras poden ser máis beneficiosas que outras para a alumna ou alumno. O profesor nas primeiras xornadas do curso deberá investigar os repertorios anteriores traballados e propoñer un repertorio axeitado ao seu nivel (ver obras suxeridas) que equilibre as posibles carencias e permita o cumprimento dos obxectivos e contidos do curso. Cando a traxectoria da alumna ou alumno evidencie a capacidade de afrontar obras dunha dificultade superior ao curso no que se atopa, deberá constar no caderno do profesor e no seguimento da programación nas reunións ordinarias.

Avaliación procesal.

Acompañamento do titor no proceso da aprendizaxe, observación e recollida de evidencias da aprendizaxe. Caderno de aula.

Avaliación final:

Unha vez recollida todas as evidencias, resultarán nunha cualificación do 1 ao 10 tendo en conta os criterios de avaliación e cualificación.

As ferramentas de avaliación das que dispoñen os docentes do departamento serán as seguintes:

1. Diario de clase, traballo individual da alumna ou alumno.
2. Probas. Gravacións.
3. Audicións públicas.
4. Rúbricas:

Rúbrica para avaliar o repertorio de Grao Elemental:

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Notas: <i>Precisión, dixitación, coordinación.</i>	-Non identifica as notas nin a dixitación sen axuda. -Carece de coordinación.	-Lee as notas con numerosas imprecisións, con moitas dixitacións incorrectas. -A súa coordinación é deficiente.	-Toca as notas de xeito preciso con algúns erros, respectando a maior parte das dixitacións e con certa coordinación.	-Toca as notas cunha notable precisión, respectando as dixitacións e cunha notable coordinación.	-Toca as notas cunha gran precisión, respectando todas as dixitacións e cunha coordinación salientable.
Tempo: <i>Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.</i>	-Lee cun pulso e un tempo errático. - imprecisións rítmicas constantes.	-Lee cun pulso inestable, con numerosas imprecisións rítmicas e a un tempo moi afastado do indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, con certa precisión rítmica e cun tempo inferior ao indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, cunha notable precisión rítmica e a un tempo bastante axustado ao indicado na peza.	-Toca cun pulso estable, cunha gran precisión rítmica e a un tempo flexible e fluído, moi axustado ao indicado na peza.
Estilo: <i>Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.</i>	-Non identifica dinámicas nin articulacións sen axuda. -O fraseo é inexistente. -Non fai uso do pedal.	-Apenas realiza diferenzas dinámicas e de articulación. -O fraseo non é eficiente. -O uso do pedal é descoordinado.	-Realiza algunhas diferenzas dinámicas e respecta a maior parte das articulacións. -O fraseo é perceptible. -O uso do pedal é bastante coordinado.	-Realiza gran parte das diferenzas dinámicas, respecta os detalles de articulación. -O fraseo é musical pero inconstante -O uso do pedal é coordinado.	-Realiza diferenzas dinámicas e de articulación con gran precisión e control expresivo. O fraseo é musical O uso do pedal é coordinado e preciso.
Interpretación: <i>Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.</i>	-Toca a obra / estudo con numerosas paradas que non resolve. -Cunha notable inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	- Toca a obra/estudo con numerosas paradas que resolve con inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	-Interpreta a obra/estudo con paradas que resolve con certa seguridade e musicalidade. -Coida con carácter xeral a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con dúbidas.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade e cunha capacidade comunicativa notable. -Coida a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con apenas dúbidas que resolve axeitadamente.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade, cunha capacidade comunicativa e expresión musical sobresaínte. -Coida a postura, a utilización do corpo e a xestualidade. -Toca de memoria con seguridade.

Rúbrica para avaliar a capacidade de estudo individual.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Capacidade de estudo individual. <i>Tarefas de clase</i> <i>Obras complementarias</i> <i>Dificultade do repertorio.</i>	-Non resolve (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Con pouca frecuencia realiza (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Habitualmente realiza as tarefas encomendadas.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias ou de maior nivel.

Rúbrica para avaliar a participación en actividades.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Participación en actividades <i>Audicións e concertos;</i> <i>Gravacións.</i> <i>Traballos teóricos.</i>			-Participa polo menos nunha actividade no ano.	-Participa polo menos en dúas actividades no ano.	-Participa polo menos en tres actividades no ano.

Rúbrica para avaliar a lectura a vista.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Lectura a primeira vista.	-Lee con continuos erros e paradas.	-Lee con un pulso moi lento e inestable e con moitos erros.	-Lee cun pulso bastante estable pero lento, con algúns erros.	-Lee cun pulso estable, con apenas erros e a un tempo aproximado ao indicado.	Lee cun pulso estable, con apenas erros, a un tempo aproximado ao indicado e realiza algúns matices e articulacións

Criterios de cualificación

A cualificación da alumna ou alumno conformarase a partir dos seguintes criterios xerais:

- **75%** Interpretación do repertorio.
 - O repertorio conformarase da seguinte maneira:
 - Escolleranse polo menos 6 obras, unha de cada lista do “*repertorio suxerido*” ou de dificultade similar, podéndose repetir un dos estilos.
 - O peso e a temporalización de cada unha delas será acorde a súa dificultade, duración etc.
 - *Exem: 1º Trimestre: 2 pezas. 2º trimestre: 2 pezas. 3º trimestre: 2 pezas.*
 - Cada obra valorarase de xeito individual seguindo os seguintes criterios:
 - **25% Notas:** *Precisión, dixitación, coordinación.*
 - **25% Tempo:** *Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.*
 - **25% Estilo:** *Matices, articulacións, fraseo, pedal.*
 - **25% Interpretación;** *Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.*
- **5%** *Lectura a vista.*
- **10%** Capacidade de estudo individual.
 - Neste apartado terase en conta:
 - As Tarefas de clase.
 - Obras complementarias que a alumna ou alumno traballe ademais das obrigatorias na programación.
 - A dificultade do repertorio.
- **10%** Participación en actividades.

- Terase en conta a participación en audicións, concertos, gravacións ou calquera actividade organizada dende o centro que requira da interpretación ao piano polo alumnado.

Para maior concreción se poden consultar as rúbricas correspondentes a cada criterio no apartado “*Ferramentas de avaliación*”.

Na convocatoria extraordinaria de Xuño valorarase:

- o 100% **Crit. Técnicos e Estéticos** na Interpretación do repertorio:
 - 25% **Notas:** Precisión, dixitación, coordinación.
 - 25% **Tempo:** Pulso, estabilidade, flexibilidade, precisión.
 - 25% **Estilo:** Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.
 - 25% **Interpretación:** expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.
- Redondeo: Como na acta de avaliación só poden aparecer números enteiros seguirase o seguinte procedemento para facer o redondeo: Se o primeiro decimal é 5 ou superior, a cualificación final será a do seguinte número enteiro.
 - o *Ex.: Se a nota resultante do proceso de avaliación fose 4’5, a cualificación redondearase a 5, aprobado. Se polo contrario o resultado fose de 4’4 a cualificación final sería dun 4, suspenso.*

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Cando a alumna ou alumno teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento como consecuencia dunha ausencia prolongada ás clases, o profesor procurará adecuar o traballo a desenvolver na procura dunha óptima recuperación. Ao tratarse de clases individuais a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación realízanse dun xeito personalizado. Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para a alumna ou alumno, incorporando medidas que eviten a rutina: elección dun repertorio novo, interpretación de obras a catro mans, etc. En cada avaliación, a Alumna ou alumno que non consiga aprobar a materia, será informado por parte do profesor das tarefas de recuperación que este considere necesarias para superar os obxectivos non acadados. Ao tratarse

de clases individuais, o profesor determinará as actividades de recuperación a seguir, podendo adaptarse de xeito óptimo as necesidades da alumna ou alumno.

A alumna ou alumno terá dereito a volver a presentar as pezas ou exercicios nos sucesivos trimestres podendo recuperar as que foran suspensas ou subir a nota cara a cualificación final.

Convocatoria extraordinaria de Xuño.

A alumna ou alumno que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á convocatoria extraordinaria que se realizará no mes de xuño. As obras a interpretar na proba extraordinaria de xuño serán notificadas a alumna ou alumno no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

6.4.5 Repertorio suxerido

- Lista A (...-1750):
 - o Annon.
 - Allegro in F nº33 de Nannerl Notenbuch
 - o Bach
 - Invencións.
 - Pequenos Preludios e Fugas
 - Menuet da Suite Francesa nº2 en C minor BWV 813
 - Prelude en F BWV 927 do Clavier Buchein vor Wilhelm Friedemann Bach
 - o Handel
 - Sonatina HWV 441
 - Sonatina HWV 585
 - o Kimberger
 - La Lutine
- Lista B(1750-1830):
 - o Beethoven
 - Adagio WoO 51 Nº 2
 - Bagatelle en G minor Op.119nº1
 - Sonatina nº5
 - Sonatina nº6
 - o Benda



- o Cimarosa
 - Sonata en G c 34
- o Clementi
 - Allegretto de Sonatina en G Op.36 nº2
 - Sonatina Op.36 nº2
 - Sonatina Op.36 nº3
 - Sonatina Op.36 nº4
 - Sonatina Op.36 nº6
- o Diabelli
 - Sonatina Op.151 nº1
- o Dussek
 - Sonatina Op.20 nº1
- o Hummel
 - Tempo di minuetto nº3 de Six pieces Op.52
- o Mozart
 - Solfeggio en F Kv 393 nº2
- o Vanhal
 - Allegretto de Sonatina en A Op 41 nº12
- Lista C (1830-1900):
 - o Cui
 - Spanish Puppets
 - o Chopin
 - Mazurkas Op.7 nº1 y 2
 - Mazurkas Op.67 nº2
 - Mazurka Op.30 nº2
 - Polonaise BbM O.posth
 - Polonaise Gm O.posth
 - Vals Op.69 nº1 y 2
 - Polonaise Gm O.post
 - o Foster
 - Soirée Polka
 - o Frank
 - Danse Lente
 - o Granados
 - Danza Española nº2 Oriental
 - o Grieg
 - Elfin Dance op.12 nº4
 - Wachterlieder
 - o Liszt





- o Lyadov
 - Consolation nº1
 - o MacDowell
 - Mazurka Op.57 nº3
 - to a wild rose
 - o Massenet
 - Nocturne Op10 nº1
 - o Mendelssohn
 - Lieder ohne worte Op.19 nº2
 - Gondola Veneciana op30 nº6
 - o Merikanto
 - Valse Lente Op33
 - o Soutullo
 - Mazurka nº4 En noche de Luna
 - o Tchaikovsky
 - Douce Reverie Op.39
 - The Witch Op.39
 - o Weber
 - Waltz in A nº4 de Sechs Favoritwaltzer
-
- Lista D (1900-..):
 - o Albéniz
 - España Op.165 Malagueña
 - o Bartok
 - Evening in the village
 - Pentatonic tune
 - o MC. Beach
 - Artic Night Op.64
 - o Bjelinski
 - Alarm de On the Great Liner
 - Uzbuna de Na velikom brodu
 - o Carroll
 - Alone at Sunset nº10 de Sea Idylls
 - o Casella
 - op 35 11 Pezzi Infantili Galop final
 - o Cornick
 - In the Shed de Piano Repertoire Level 2
 - o Debussy
 - Le Petit Negre
 - Page d'Album
 - o Estevez



- o Glover
 - Canción para dormir una muñeca nº17 de Piezas infantiles
 - o Hengeveld
 - Indian Pony Race
 - o Kabalevsky
 - Blues from Melody and Rhythm
 - o McMillan
 - Rondo-Toccata
 - o Prokofiev
 - Matsuri
 - o Satie
 - Tarantelle nº4 de Musiques d'enfants Op 65
 - o Tanner
 - Gymnopédie nº1
 - o Forty Winks
-
- Etudos:
 - o A Dozen a Day Bk4
 - o Bertini
 - Studos Op.100
 - o Czerny
 - Etudos de mecanismo Op.849
 - o Heller 25
 - Etudos melodios op.45
 - o Heller
 - Etudos Op.47 nº23
 - o Lemoine
 - Etudos enfantis for piano op.37

6.5 Curso: Primeiro de Grao Profesional

6.5.1 Obxectivos

- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico e musical que permita interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade axeitada ao nivel.
- Coñecer e aplicar basicamente as principais características de estilo das diferentes épocas que abarca a literatura pianística.
- Aplicar correctamente os coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical no instrumento.
- Interpretar obras en público e de memoria con naturalidade e control da situación.
- Adoptar hábitos de estudo que permitan un eficaz desenvolvemento dos coñecementos adquiridos.

6.5.2 Contidos

- Selección de 5 obras ou mais do “repertorio suxerido” (ou de dificultade similar) e de polo menos 5 estilos (Consultar o apartado 6.5.5. “*Repertorio suxerido*”) diferentes. As obras escollidas serán útiles para o desenvolvemento de:
 - o A utilización consciente do peso do brazo e das posibilidades de movemento das distintas articulacións con arranxo ao nivel.
 - o A velocidade e fluidez na execución en obras de maior dificultade. Técnicas para melloralas: exercicios, estudos, escalas, arpexios, etc. segundo ás necesidades do nivel.
 - o A rotación do antebrazo, uso e técnica.
 - o A dixitación, principios xerais e os factores que a condicionan: comodidade, cercanía...
 - o As características principais dos distintos estilos e a súa aplicación práctica no repertorio.
 - o O tempo, o pulso e a súa flexibilidade. Indicacións de tempo.
 - o A gama de matices acordes a cada estilo e situación.

- o Os diversos modos de ataque e de articulación en relación coa dinámica, á condución da frase... e a súa grafía no repertorio.
- o Adornos e trinos: grafía, dixitación e técnica.
- o O pedal de resonancia e o seu perfeccionamento acorde ao estilo.
- o O pedal “una corda” e o pedal tonal: a súa utilización en exercicios ou obras adecuadas ao nivel, sempre e cando así o requiran.
- o A autonomía na lectura.
- o As estruturas musicais, puntuacións, entoacións... e o seu recoñecemento e aplicación práctica conforme ás necesidades do repertorio. O análise interpretativo básico.
- o A memoria.
- o A audición, o concerto. Técnicas para abordar a interpretación en público coa maior solvencia e control da situación.
- o Técnicas e hábitos de estudo diario. A autocrítica. O control e o aproveitamento do tempo de estudo diario.

6.5.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Valorarase a capacidade para:
 - o Utilizar o esforzo muscular adecuado ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Interpretación:** Postura e utilización do corpo).*
 - o Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión, dixitación, coordinación; **Tempo:** Pulso Estabilidade, Precisión; **Interpretación.** Expresión musical, Seguridade).*
 - o Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das

- súas posibilidades. *(Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Sonido:** Planos sonoros, E equilibrio, Sensibilidade).*
- o Demostrar solvencia na lectura á primeira vista. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista aplicando os coñecementos adquiridos. *(Corresponde co criterio de cualificación: **Lectura a vista**).*
 - o Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista. Trátase de avaliar o coñecemento que a alumna ou alumno posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes. *(Repertorio do curso vease os contidos; (Corresponde co criterio de cualificación: Interpretación do repertorio: **Notas:** Precisión y coordinación; **Tempo:** Pulso, estabilidade; **Estilo:** Matices, articulacións, Fraseo, forma, pedal)*
